

Eva F. Ferreira

11 POSTAIS DESDE O DESERTO DE SAL

[1]

Para sobrevivir no deserto aprende a camiñar en liña recta a transitar os matices do branco a espreitar as agullas a calibrar a necesidade de transformar a harmonía en alleamento e sempre por acaso talvez a observar o perpetuo movemento do simple acto de pensar.

A vida é pouco frecuente aquí.

[2]

Tres tiros certos. A diferenza entre a vida e a morte. Un vento insípido. Lene. Beizos gretados con moscas e pus. Unha soidade sen camiños. Fartura dos labirintos. Nostalxia dos adverbios dos vermellos do cheiro a fósforo queimado. Das partículas.

Ofréceme un azul non tan desolado.

[3]

Para camiñadas polo deserto recoméndase levar roupa adecuada. O pantalón *Xe 600 Trail* está concibido para longos traxectos en condicións extremas. O abrigo Duplo Uve 130 *Extreme* é propio para alpinistas do sal que practican a escalada en terreos inestábeis. As botas *E 621 Route* impermeábeis ao glutamato de sodio están indicadas para camiñantes en soidade que saiban orientarse nos confíns do mundo.

Miña nai sempre di que non podes tapar o sol cun só dedo.

[4]

- Un barquiño de cera. Para che dar boa sorte.

[5]

Sede de todo. Fame de todo. Devagar e sen ti. Contigo e con sede.

Atravesas os dedos coas tempas. Inventa unha regra. Inventa unha excepción. Escolle un televisor formidabelmente grande. Un xeito de ficar de pé. Unha inclinación favorábel. Escolle cuspir. Decidir cos ósos. (Profundo suspiro con sensación de instantes.) Móstrame como habitar os baleiros deste deserto.

A cada paso rinocerontes.

Para todos os efectos
Perdida.

[6]

Ceguei até aquí con todos os meus medos. Ou a pesar deles ceguei até aquí.

Estou rodeada de sal. Quero e non estar aquí. Teño fobia aos lóstregos, aos insectos. Fobia á néboa e máis ao sol. Fobia á escuridade. A cruzar pontes. Aos espazos abertos e pechados. Fobia aos espazos abertos e altos. Ao silencio das igrexas teño fobia. Ao sagrado. Aos caramelos que se pegan ao padal. Ás cousas asimétricas. Fobia aos lóstregos.

Iso xa o dixen.

(É unha fobia importante. Pode alguén ir anotando todo isto?)

Fobia ás correntes de aire. Ás figuras antropomórficas. Aos sinais. Ás escaleiras. Ás definicións do sublime. Ás cousas mortas. Ás conversas de sobremesa. Aos filmes baseados en feitos reais. Á táboa periódica.

Fobia ao retorno aos remorsos aos retrousos. (Non deixen esa luz morrer!)

Fobia aos certames literarios. Aos trópicos. Aos pixamas. Ás palabras esdrúxulas. Fobia á cor de rosa. Fobia á Historia. Ao esquecemento. Ás rabuñaduras. Ás longas esperas. Aos amantes regulares. Aos vermes. Aos nomes.

Ao teu nome.

Fobia ás postais. De amor ou non. (Ridículas.TODAS)

[7]

- Gárdaas no peto. Para tempos peores.

[8]

No país do sal vivimos entre as ruínas. Nas beiras dos lentes aprendemos a camiñar. Nas beiras mesmo desta perfecta circunferencia camiñamos para non chegar a sitio ningún. A

conciencia peneiramos a furiosa verdade. Paisaxes subterráneas na punta dos pés. Marteladas nos ollos dos peixes.

Como falar de nós desde o deserto?

[9]

Mesmo nas follas de cadriños as liñas fican todas tortas.

[10]

Tenta desgastar o chan co calcañar esquerdo. Máis ou menos deste xeito. Debullar as pústulas. Non máis de tres minutos. Arrastrar o cu polas pallas. (É sempre tempo para ir a peor.) Un colidir demorado. Unha nova fuga. Asfixiante e feroso. As pálpebras non responden máis.

Lonxe do deserto. De min contigo. Das olladas cara atrás. Do xamais unha certeza. Do case sempre mal. Do nunca non así. Do embigo para abaixo todo. Contigo cada pedra. De alí en diante o baleiro.

E a certa altura desaparecer.

(O que é isto? Obviamente un cachalote)

[11]

Esquecín as apertas.

